

Intempériome, Xela Arias

Silvia Bermúdez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BERMÚDEZ, SILVIA (2011 [2003]). “*Intempériome, Xela Arias*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2003, 160-161. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/901>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

BERMÚDEZ, SILVIA (2003). “*Intempériome, Xela Arias*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2003, 160-161

* Edición dispoñíbel desde o 9 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Intempériome

Xela Arias

A Coruña: Espiral Maior, 2003

SILVIA BERMÚDEZ

Cunha lapidaria sentenza ao final dos seus cuartetos —“cada poema é un epitafio”— T. S. Eliot obrigábanos a pensar nas complexas relacións entre ausencia e presenza, morte e escritura, que sustentan o discurso poético. Nunca apareceu esa sentenza máis clara e máis prístina que na que é agora a obra póstuma de Xela Arias (1962-2003) que, ancorada nos paradigmas de enunciación pronominal, discursividade e proceso, se acolle á inestabilidade, á vontade mesma de estar desguarnecida, como condición primaria da existencia e da escritura. Galardoada co “Premio da Sociedade de Lingua Portuguesa de Lisboa” (1986) e co “Premio Ramón Cabanillas” (1994) polas súas coidadas traducións, a poetisa déixanos un breve pero intenso legado lírico —*Denuncia do equilibrio* (1986), *Tigres como caballos* (1990), *Darío a diario* (1996)— que se pecha con *Intempériome* (2003). Ao aludir aquí á “intensidade” non ofrezo unha valoración impresionista senón unha categoría existencial a partir da cal os trinta e un poemas desta

colección elaboran unha nidia ética poética. A vertente ética non involucra só á autora senón tamén, e de xeito particular, aos seus lectores e lectoras, pois a partir da abundancia pronominal que se desprega e do seu alongamento sintáctico pídesenos estar alerta e, con esta chamada de atención, que o noso sentido da realidade se ilumine.

As premisas éticas que guían a Xela Arias recibenos no limiar do poemario da man de dous epígrafes que, ligados na súa disparidade, anuncian os impulsos aos que se entrega este suxeito lírico. Mentres o estandarte da transgresión se erixe con “Desobediencia. / Pola túa culpa vou ser” (Pintada de M. C.), a aceptación entronízase co verso de Blanca Varela “Donde todo termina abre las alas” que, proveniente do poema “Así sea”, serve agora de título á recompilación total da obra da poeta peruana. Coa cita valeriana *Intempériome* enfróntase ao irrevogable ditame dos ventos temporais, acolléndose ao equilibrio que brindan as alas da linguaxe. O desexo de alcanzar un sentido da

proporción no medio do que sería pura desesperación resúmese nos contidos versos de “Ambiciono o equilibrio dos extremos”, e esta aspiración explica a tripartita división do poemario nos apartados “E así que se me din que agarda”, “Corazón cuestión” e “Vencerse é cousa de se tratar”. A estruturación non é arbitraria e fai textual o deveso de balance ao asignar o mesmo número de textos, quince, aos apartados segundo e terceiro, mentres que o primeiro só contén un único poema que fai de proemio.

Non esquezamos que, de acordo coas convencións retóricas, o proemio serve a modo de preámbulo dun discurso co dobre propósito de presentar aclaracións e de congraciarse ao poeta co seu público; e malia que “Íspeme o idioma e sábemo suando en sida” cumpre cos designios do formato, Xela Arias non busca, en realidade, congraciarse con nós, o seu público. O que ela procura é que lle prestemos atención, e de aí o seu reclamo: “Atende, mírame...”, a fin de que non permanezamos indiferentes ante a lingua galega, ante as pragas emblemáticas da nosa época contemporánea, ante a historia universal, as tradicións poéticas, as mesquiñas

cousas cotiás de fregar chans, ir ao dentista ou facer transaccións bancarias. E se desde este texto único e inaugural se nos pide que esteamos alertas explicitamente, será a saturación de formas pronominais e a implosión da sintaxe convencional o que nos force ao longo do conxunto de poemas a pensar no compromiso co privado que establece a subxectividade lírica.

Tamén se nos incita a reflexionar sobre as dificultades expresivas que comporta enfrontarse coa experiencia traumática da finitude, da fin da viaxe; experiencia destrutiva que é, ao tempo, fundacional, como establecen as propostas heideggerianas en *De camino al habla* cando anuncian que é pola linguaxe por onde os humanos podemos percibir a mortalidade: sentir a morte como morte. O poemario final de Xela Arias convértese en testamento desta capacidade feramente humana da fala, tal e como se manifesta no discurso lírico, pois lle permite á falante no só airear os fráxiles e febles alicerces sobre os que se asenta a súa identidade —unha bandada de pronomes— senón, e sobre todo, airearse ela mesma: entregarse ao acto final, liberador, de abrir as alas ■